



O servizo de
catamarán
pola Ribeira
Sacra abriuse



Páxina II

A Deputación
propón a
Medalla
Castelo a
Óliver Laxe



Páxina V

O Goberno
non pode
permitir que
Alcoa peche
Aluminio,
sostén CC.00.



Páxinas IX

Ourense inicia
as obras de
embelecemento
do parque de
San Lázaro



Páxina X

Miranda pide
un plan de
recollida e
control das
máscaras e
luvas



Páxina XIII

Presas
reivindica ao
BNG como a
alternativa ao
PP



Páxina XIV



O Pazo Bispal de Diomondi será albergue público do Camiño de Inverno

Páxina VII

Entrevista



Sheila González, socióloga

"O peche dos colexios
aumentou o risco de
abandono escolar"

Páxina XVI



Almorzos. Petiscos e tapas
Rúa Greco, 6. O COUTO (Ourense)



CASCO HISTÓRICO



Taberna  Enxebre

607 085 027 Lepanto, 14 baixo Ourense

O servizo de catamarán pola Ribeira Sacra abriuse ata finais de ano

O presidente da Deputación, José Tomé Roca, e a deputada de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, Pilar García Porto, participan na primeira xornada da nova tempada de rutas fluviais en catamarán pola Ribeira Sacra que ofrece a institución. José Tomé e Pilar García Porto fixeron a viaxe desde a Ponte do Sil, acompañados polo alcalde de Sober, Luis Fernández Guitián, e a alcaldesa de Castro Caldelas, Sara Inés Vega.

“Cremos que a participación irá aumentando pouco a pouco cada semana. Sabemos que a prudencia debe primar neste tipo de actividades, pero nós como institución pública traballamos moito para que non se corra ningún risco para desenvolver este tipo de iniciativas de lecer con seguridade”, explica José Tomé.

A posta en marcha deste servizo “é unha moi boa noticia para o sector hostaleiro e turístico, e tamén para o comercio da comarca e de toda a nosa provincia porque

axudará a reactivar a economía unha vez superada a etapa máis dura da pandemia”, explica o presidente. Así mesmo, lembra que precisamente ese é o principal obxectivo que persegue a campaña “En Lugo Si” que vén de lanzar a Deputación para reactivar o consumo no comercio, a hostalería e o turismo axudando a fortalecer a imaxe da provincia como lugar seguro, de confianza, de calidade e de oportunidades para comprar, para consumir, para o lecer, e para pasar as vacacións.

Pola súa banda, a deputada de Turismo indica que as pautas son claras en canto ao distanciamiento social xa que “as embarcacións saen coa metade de prazas ocupadas que o facían as outras temporadas e fixamos un calendario de saídas de tal xeito que coincida o mínimo número de persoas no embarcadorio antes de subir ou baixar no catamarán”, subliña.

García Porto manda unha mensaxe dirixida de xeito especial á

veciñanza da provincia de Lugo e do resto de provincias galegas para que fagan as súas reservas co fin de pasar un día en tranquilidade absoluta, desfrutando dunha comarca como é a Ribeira Sacra, lonxe das aglomeracións. “Falamos dun lugar idílico que está a un paso de ser declarado Patrimonio da Humanidade e que xa é Ben de Interese Cultural. Subirse a unha das embarcacións provinciais permítenos descubrir unha contorna impresionante que temos preto da casa e cumprindo coas normas de seguridade que nos marcan as autoridades sanitarias”.

“Entre viaxe a viaxe as embarcacións vanse desinfectar co obxectivo de que o risco de contaxio ao realizar unha das rutas que temos programadas sexa o mínimo posible”, explicou a Deputada. García Porto incide en que é normal “que de primeiras nos custe planificar as nosas viaxes e escapadas, por iso debemos apostar polos lugares de proximidade nos que hai múltiples opcións de lecer



que se complementan entre si e fan que desconectemos da rutina e do período de confinamento que vimos de pasar”.

Reservas e venta de billetes

No caso do embarcadorio Ponte do Sil, as embarcacións non saíran á vez, senón que se ofertan ata 5 horarios diferentes para poder realizar as viaxes e o límite de aforo fíxase para 26 pasaxeiros nunha e de 53 na outra. No caso de Belesar, poden viaxar de cada vez 31 pasaxeiros, con flexibilización horaria.

A Deputación prioriza a compra de billetes na web reservas.rutasembalses.es. No caso de que se deba facer in situ, é preferible

que os pagamentos se fagan con tarxeta bancaria. Ademais, é obrigatorio o uso de máscaras de protección e están habilitados dispensadores de xel hidroalcohólico tanto nas instalacións como nas embarcacións para que se poidan realizar desinfeccións de mans.

O persoal cumpre protocolos específicos e instalou paneis informativos para lembrar todas as medidas de seguridade. A información turística pódese descargar mediante códigos QR e a institución flexibiliza as condicións de cambio de data ou cancelación, así como para a devolución do importe do billete durante toda a temporada de viaxes.

Horarios de Catamaráns

Embarcadorio Ponte do Sil

Xuño

Embarcación 1 (26 prazas) -> De luns a domingo: 11:00h, 16:00h e 19:15h
Embarcación 2 (53 prazas) -> De luns a domingo: 11:30h e 17:30h

Xullo e agosto

Embarcación 1 (26 prazas) -> De luns a domingo: 11:00h, 16:00h e 19:15h
Embarcación 2 (53 prazas) -> De luns a domingo: 11:30h e 17:30h

Setembro

Do 1 ao 13: Embarcación 1 (26 prazas) -> De luns a domingo: 11:00h, 16:00h e 19:15h
Do 1 ao 13: Embarcación 2 (53 prazas) -> De luns a domingo: 11:30h e 17:30h
Do 14 ao 30: Embarcación 1 (26 prazas) -> De luns a domingo: 11:00h e 16:00h
Do 14 ao 30: Embarcación 2 (53 prazas) -> De luns a domingo: 11:30h e 17:30h

Outubro

Embarcación 1 (26 prazas) -> De mércores a domingo e o día 12: 11:00h, 16:00h
Embarcación 2 (53 prazas) -> De mércores a domingo e o día 12: 11:30h e 16:30h

Embarcadorio Belesar

Xuño

31 prazas -> De mércores a domingo: 11:00h, 16:00h e 19:15h

Xullo e agosto

31 prazas -> De luns a domingo: 11:00h, 16:00h e 19:15h

Setembro

Do 1 ao 20: 31 prazas -> De luns a domingo: 11:00h, 16:00h e 19:15h
Do 21 ao 30: 31 prazas -> De luns a domingo: 11:30h e 16:30h

Outubro

31 prazas -> Venres, sábados e domingos e o día 12: 11:30h, 16:30h



Traballo conxunto de institucións e sociedade civil para reactivar o sector turístico

Celebrouse a terceira xornada de “Abrindo as portas: o rexurdir do turismo.” Xunto a deputada de Turismo, Pilar García Porto, interviñeron a alcaldesa de Lugo, Lara Méndez; o presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias, Alberto Varela Paz; o presidente da Mancomunidade de Municipios da Mariña, Francisco Cajoto; o presidente do Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra, Luis Fernández Guitián; a delegada do S.A do Plan Xacobeo e Comisaria do Xacobeo 2021, Cecilia Pereira; o presidente da Federación Veciñal Lucus Augusti, Jesús Vázquez Varela; e o presidente da Asociación Galega de Amigos do Camiño de Santiago, Manuel López.

Os poñentes puxeron en valor esta iniciativa de foros virtuais que ten en marcha a institución provincial e coincidiron na necesidade de crear sinerxías entre as diferentes administracións, implicándose e traballando de maneira conxunta, co fin último de facer fronte a esta nova realidade e así poder reactivar os sectores económicos.

A deputada de Turismo agradeceu a participación de todos os poñentes neste encontro e puxo de manifesto a necesidade de implicación das administracións públicas para facer fronte á recuperación dos sectores económicos tras a crise sanitaria da COVID-19 e destacou que “é unha ferramenta especialmente necesaria no eido do turismo, o comercio ou a hostalería, todas elas

denominacións xenéricas nas que se engloban realidades e necesidades moi diferentes. Este encontro resume tamén a variedade da nosa provincia, de paisaxes como A Mariña ou a Ribeira Sacra, a pegada do Camiño de Santiago, o turismo de monumentos, de praia, de gastronomía. Unha oferta variada que non deixou de atraer visitantes e que converteu a Lugo na provincia galega na que máis medrou a afluencia de visitantes no ano 2019.”

Pola súa banda, a alcaldesa de Lugo, Lara Méndez, remarcou a necesidade de crear unidades de actuación e protocolos comúns, rebaixando as confrontacións políticas e sinalou que “estamos nun momento que nos vai permitir fomentar un turismo de calidade. Aí temos un papel fundamental as administracións, entendo que debemos ter unha maior conectividade entre todos os axentes involucrados e todas as administracións que actúan nos territorios”.

Ribeira Sacra

O presidente do Consorcio de Turismo da Ribeira Sacra, Luis Fernández Guitián, comentou as liñas de actuación que está levando a cabo esta entidade dende o inicio da pandemia, como a posta en marcha dun servizo de asesoría ou a creación dun grupo de traballo co sector privado: “Dende hai dúas semanas temos o 37% da oferta da reserva turística da Ribeira Sacra xa en activo, e prevemos que nas próximas semanas entornó a un 75% dos es-



O foro retransmitíuse a través da canle dos Servizos Audiovisuais da Deputación.

tablecementos recuperen a actividade. Traballar co sector dende o inicio permitiunos artellar estratexias consensuadas, responder ás inquiredanzas, facilitarllas recursos, avanzar no deseño de novos produtos e artellar unha campaña moi forte”, apuntou.

Mariña Luguesa

No caso da comarca da Mariña, o presidente da Mancomunidade, Francisco Cajoto, incidiu na importancia do sector turístico para esta zona da provincia e mostrouse optimista coas previsións de ocupación hoteleira para esta tempada de verán. Avanzou que “podemos recuperar e apostar por ese turismo de calidade e tranquilo, ese turismo desestacionalizado que é o que pretendemos, que chegue a todos os momentos do ano”.

O presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias, Alberto Varela Paz, apuntou os

datos cos que a comunidade galega pechou o 2019, rexistrando o maior crecemento en todo o territorio nacional. Na liña do resto de ponencias destacou que no sector turístico “non partimos de cero, temos unha boa base e unha boa materia prima. É certo que esta crise vains obrigar a cambiar cousas, a traballar mais en equipo, e cos diferentes sectores, sumando esforzos entre as administracións”.

En canto á Federación de Asociacións de Veciños, o seu presidente, Jesús Vázquez, sinalou que “debemos potenciar a personalización cos usuarios, a empatía, as relacións co cliente e a profesionalidade do sector turístico. Temos que descubrir a nosa provincia e fago un chamamento para que a xente faga proteccionismo cara o noso. Lugo ten moitas cousas por descubrir”.

Outra das cuestións que centrou

este terceiro foro de debate foi o Camiño de Santiago e o vindeiro ano Xacobeo 2021. A delegada do Xacobeo 2021 avanzou que “estamos traballando cos axentes do camiño para conseguir a máxima coordinación entre os diferentes organismos xestores facilitando unha reactivación que sexa coordinada e progresiva en canto haxa situacións de mobilidade e seguridade sanitaria”.

Nesta mesma liña, o presidente da Asociación Galega de Amigos do Camiño de Santiago, Manuel López, asegurou que para unha peregrinación segura hai tres cuestións fundamentais: “un protocolo sanitario para todos os albergues públicos e privados, un plan de axudas para adaptación e desinfección dos albergues de peregrinos e o potenciamento do espazo dixital de forma completa e ampla”.

Director: Guillermo Rodríguez Fdez.
T. 658 58 50 49

guillermo@novasdoeixoatlantico.com

Edita: Editorial NOVAS DO EIXO ATLÁNTICO S.L.

Avda. Sarmiento Rivera, 4-4ºD

36860 PONTEAREAS - GALIZA - T. 986 64 12 69

redaccion@novasdoeixoatlantico.com

Imprime: Publicaciones Tameiga S.L.

Publicidade: Departamento propio e axencias

publicidade@novasdoeixoatlantico.com

Fotografía: Hernández e departamento propio

Deseño e maquetación: Fran Eiró

Colaboradores:

GALIZA: Montserrat Rodríguez – Porto Ucha – Raquel Vázquez – C. Méixome – M. Xiraldez – Pérez Lema – X. Glez. Mtnéz. – M. Bragado – B. Iglesias (Mero) – Nemesio Barxa – Andrea Goro – Anxo Mena – I. Otero Varela – Susi Rodríguez – Jesús Témez Fernández – Isidoro Gracia – Rafael José Adalid – Laura de Cáceres – Kiko Neves – Ramón Mariño – Manuel Estévez – **PAIS BASCO:** Nicolás Xamardo – **CANARIAS:** Fco. Puñal

Fotografía: Dpto. Propio.

Humor: Tokio, Martirena – Pepe Carreiro – X. Marín – Xosé Manuel Fernández Montes (Hermanager Produccións) – Ignacio Hortas – Francisco Puñal – Felix Ronda – Fuco Prado – Sex – Ortifus (España) – Omar Pérez (Galicia) – Mauricio Parra (Colombia) – Cébula (Polonia) – J.Bosco e Fernández (Brasil) – Marlene – Pohle (Arxentina) – Guy Badeaux (Canadá).



Xornal Cultural
para o Lecer

Depósito legal: VG-14/2017

Opinión

Por Xosé González Martínez. Presidente do Foro E. Peinador

Galicia, Abanca e Pescanova

A maioría das institucións públicas galegas utilizan a lingua galega nas súas actividades administrativas que os cidadáns e empresas aceptan con total naturalidade, sen que esta práctica rexistre conflitividade. Porén, eses 2.700.000 de cidadáns na súa condición de usuarios e consumidores non reciben o mesmo trato lingüístico por parte das empresas prestadoras de servizos e elaboradoras de variadas marcas comerciais.

Neste desigual trato é onde podemos observar a anómala cohesión social galega. Posturas diverxentes que evidencian que a cultura empresarial en Galicia está moi afastada da identidade do país. Son moitas as causas que explican este comportamento. A máis importante é a que nos informa dos prexuízos lingüísticos con matices ideolóxicos que aniñan nas mentes dos xestores e estrategos do tecido empresarial.

A exclusión da lingua galega nas prácticas empresariais afecta directamente á esfera dos dereitos humanos dos traballadores recoñecidos e amparados polo

noso ordenamento xurídico interno e as instancias europeas das que formamos parte. Ordenamentos xurídicos, ambos os dous, que se complementan no recoñecemento da pluralidade lingüística como valores consubstanciais do patrimonio cultural da unidade europea.

Os receos lingüísticos das empresas non teñen base científica. Non existe ningún estudo sociolingüístico que desaconselle o uso do noso idioma nas prácticas empresariais e comerciais polo rexeitamento que poidesen provocar nos usuarios e consumidores. Xa que logo temos eses comportamentos enquistados na cultura empresarial son resultado de rotineiras inercias contrarias ás estratexias comerciais que deben procurar a simpatía dos seus clientes.

Os xestores empresariais tamén son consumidores de produtos que falan idiomas distintos do seu e non por iso os rexeitan, recíbenos con agrado e mesmo como unha diferenza de bo gusto por eles. Aceptan o foráneo pero non imitan os exemplos. Os mercados non fan dis-

tingos nin discriminacións polas linguas empregadas nas súas etiquetas, fáno pola calidade dos produtos. Os idiomas son referencias necesarias para identificaren a súa orixe.

O Foro E. Peinador e a Irmandade Galega de Agroalimentarios e Adegoiros veñen desenvolvendo unha actividade continuada no tempo para convencer ás empresas da utilidade e oportunidade de incardinárense na cultura galega como un factor decisivo para a cohesión social, tendo na complicidade o seu mellor aliado. O resultado dese traballo está a dar resultados moi positivos: cada vez son máis as marcas comerciais que se etiquetan en galego. Con esta perspectiva a lingua é un axente activo dentro da política empresarial socialmente responsable.

Aproveitando que Abanca é a socia maioritaria de Nueva Pescanova, o Foro E. Peinador elaborou un documento solicitando desta empresa a incorporación da lingua galega nas súas actividades empresariais e comerciais, documento que vai avalado por distintas sinaturas: Presidente do Parlamento de Galicia, grupos parlamentarios, reitores das tres universidades galegas, as catro centrais

sindicais maioritarias en Galicia e un numeroso grupo de concellos significativos, por citarmos algúns, A Coruña, Santiago de Compostela, Lugo, Pontevedra, etc. que representan a pluralidade da sociedade galega.

As empresas que desenvolven a súa política comercial e comunicativa tamén en galego fanno dun xeito máis aberto, dinámico e plural, porque están máis preparadas para atender correctamente aos seus clientes e máis capacitadas para relacionárense coa súa contorna pregoando a súa denominación de orixe, di un parágrafo do documento enviado a don Juan Carlos Escotet, Presidente de Abanca. De feito, a entidade financeira utiliza o galego na publicidade e nalgúns relacións cos seus clientes. Xa que logo, o exemplo de Abanca pode ser imitado por Nueva Pescanova. Galicia precisa de empresas que a recoñezan no uso que fagan dos seus valores patrimoniais. Sería moi oportuno unha investidura de galeguidade empresarial nesta industria pesqueira que aplaudirían o conxunto da sociedade galega e as súas institucións.



Baldomero Iglesias Dobbarrio, Mero.

Cousas e causas pendentes

Certamente é así. A situación esta na que andamos, aínda estrañados de vernos e tocarnos, tróuxonos tantas novidades que ocultou moitísimos proxectos, moitísimas causas e cousas que estaban por facer, por falar, por arranxar e darlles traza. Ese silencio é maliciosamente perverso cando oculta intencionadamente males que afectan a moita xente. Falo, de que esta trama de confinamento que nos obrigou a recluirnos e estar parados, inmovilizados, dirixidos, controlados, etc. trouxo consigo moitas outras molestias colaterais das que debemos ser conscientes, agora que veñen as eleccións, por tanto que nos afectan. Non só falo de cuestións como as do cambio climático, ou das mordidas que lle pegaron -e agora son tan notables e evidentes- na sanidade, na educación, na dependencia, na lei de seguridade, aquela que nos deixaba espidos diante dun informe que puidera ser mentido da policía, ou aqueloutras leis

de tanta precariedade laboral, case escravismo, que aínda non foron emendadas tal como prometeran os titulado do poder. O problema é que, por riba desas cuestións que son moi importantes, hai outras que quedaron relegadas ao silencio, ese intencionado en maledicencias, e non por iso deixan de ser tamén moi importantes. Quedaron ocultas cifras de altísima prostitución, sen o regulamento debido, con cifras nas que se agacha todo ese consumo de pago machista e de violacións e agresións sexuais de todo tipo, de drogas e consumos que se moven tamén nese circuíto que campa poderoso en tramas de corrupción expansiva que chega ao poder. Non se volveu falar dos presos políticos, supostos por razóns ideolóxicas, que están esquecidos de xustiza e "preventivamente" inculcados por sospeitas, sen ese dereito de presunta inocencia que a "outros" lles serviu de panacea para saír e pasearse, burlándose de todos. Hai casos

que mesmo os medios ocultaron moi habilmente. Pero estes presos son os "nosos" presos políticos, sen delitos ás costas, senón en supostos daqueles informes sospeitosos un día emitidos irregularmente e sen contrastar feitos e evidencias. A grande cantidade de xente en precario total e absoluto, desas persoas que teñen risco severo de pobreza. Nin que dicir ten a cuestión de todas aquelas persoas que tiveron que emigrar e viven situacións esperpénticas, lonxe da orixe, por mor dos medos estranxeiros e preventivos, que as sinalan na súa desconfianza (entre 1999 e o 2018, foron douscentos corenta mil menores de 34 anos, galegos pasando eses amargos tragos e sen ningunha iniciativa que os volva á súa terra). As persoas que viñeron confiadas, na nosa civilizada humanidade, e sofren entre nós, o dedo sinalado do racismo e da incompreensión. Con todo iso, aínda hai problemas estruturais que nos ofenden e que se deixaron de ter en conta, sumados ao escravismo laboral, as enfermidades e fames a nivel mundial, a falta de recursos en tanto terceiro mundo, á contaminación mundial que volve ser un exceso prepotente dos de sempre, e que ningún reparou

no remedio eficaz, sen combustión fósil, ou -agora estamos ben sabidos- do negocio das farmacéuticas que seguen a pensar en cifras e en beneficios económicos e non sociais, as grandes empresas que miran máis os sectores de produción e de turismo, do inmobiliario antes de facer cómputo humano para recompoñernos e saber rectificar antes de que sexa moi tarde. Compre apostar pola investigación científica, pola educación, saúde. Trátase de saber volver aos temas de xustiza e humanidade, de dereitos humanos afondando neles e, tendo aprendida a lección, non esquecer, como sempre pasa, ás persoas que por calquera razón foron marxina- das. Sen caer na tentación do control restritivo, un tanto autoritario, ao que lles gustaría someternos. Así imos, algo levados aínda desta negación, confiados que os nosos representantes saiban consideralo, acorden a dignidade do que somos e non se queden no canto das promesas que logo, xa dentro, esquecen. Como vén sendo habitual.



A Deputación propón conceder a Medalla Castelo ao cineasta Óliver Laxe

A Deputación de Lugo, por iniciativa do presidente, José Tomé Roca, propón ao cineasta e emprendedor rural Óliver Laxe ás Medallas Castelao 2020 polo seu labor no impulso do Novo Cinema Galego, do que é referente, e polo seu compromiso e implicación na defensa e promoción do medio rural galego, sobre todo na comarca dos Ancares.

“Coas Medallas Castelao, a Xunta de Galicia distingue aos galegos e galegas pola súa contribución á súa terra dende moi diferentes perspectivas. Dende a Deputación estamos convencidos de que Óliver Laxe debe ser distinguido con este recoñecemento e por iso, diriximos a proposta no nome da institución”, subliña Tomé Roca.

Óliver Laxe ten unha estreita relación familiar e afectiva coa comarca dos Ancares. Está empadroadado no Concello de Navia de Suarna, de onde son os seus avós maternos e desde hai uns anos está a restaurar a casa dos seus antepasados en Vilela, na parroquia de Santa María de Son.

O seu compromiso con Navia de Suarna e cos Ancares vén de manifestarse no seu último traballo cinematográfico, “O que arde”, que se rodou en galego nesta comarca lucense. Con esta nova película estreada no ano 2019, Laxe achegou ao mundo a un hipnótico e fascinante retrato dun modo de vida en extinción na Galicia rural, onde vén a mostrar de forma descarnada un dos problemas existenciais do territorio galego, como

é o despoboamento e o abandono da Galicia rural e as súas imprevisibles consecuencias.

Centro pedagóxico

O afamado director ten manifestado que un dos obxectivos do seu traballo na comarca dos Ancares é contribuír a revivificar os vales, onde tantas xeracións de labregos, e máis en concreto a súa familia, viviron, e que se sinte coa obriga de honrar a súa liñaxe. Para isto precisa crear certas enerxías económicas e acometer diversas iniciativas, entre as que destacan a rodaxe da súa terceira película ou o seu último proxecto, que consiste nun centro pedagóxico, terapéutico e comunitario situado en Vilela, unha aldea dos Ancares. Unha plataforma a través da cal se poidan organizar obradoiros, proxeccións, conferencias e encontros comunitarios de carácter cultural, sen ánimo de lucro, aos que acudan xentes de todos os eidos, formacións, idades e nacionalidades, posibilitando así un fértil e construtivo intercambio entre Vilela, a comarca e os seus visitantes. O carácter innovador desta proposta radica, ademais, en que todas as actividades docentes xirarán ao redor do traballo no souto de Vilela, o verdadeiro eixo vertebrador do proxecto.

Tal e como se ten manifestado, Laxe ten a intención de reformar a súa casa de Vilela, onde quere vivir e xerar cultura e ser un punto de encontro e creación para cineastas galegos. A rodaxe de “O que arde” foi o primeiro

paso nesa dirección. Neste sentido, no ano 2017 fundou a Asociación Ser coa pretensión de protexer e revivificar a aldea de Vilela e dos seus montes limítrofes; respectar e defender o patrimonio arqueolóxico e paisaxístico de Vilela e recuperar os seus ecosistemas tradicionais; protexer o patrimonio inmaterial da comarca dos Ancares, os seus saberes tradicionais, valores e costumes; fortalecer a identidade cultural da comarca; crear sinerxías entre o local e o internacional; e traballar por unha visibilización da zona e defender un tipo de vida en harmonía coa natureza. O director de cinema atesoura máis dunha vintena de premios e nominacións en certames nacionais e internacionais que recoñecen e poñen o valor o coidado e minucioso traballo que vén desenvolvendo dende hai máis dunha década.

O presidente incide en que “a Medalla Castelao serviría para darlle unha distinción de todos os galegos e galegas, unha forma de agradecerlle o compromiso e o traballo que realiza para promocionar a nosa terra dunha maneira sostible e respectuosa co medio; precisamos máis Óliver Laxe para impulsar o noso rural”.

Traxectoria no cinema

Óliver Laxe é fillo de emigrantes galegos, naceu en París no mes de abril do ano 1982. Regresou a Galicia con seis anos, no ano 1988. Os seus primeiros estudos foron na cidade de A Coruña, e posteriormente trasladouse a Barcelona a estudar cine na Universi-



José Tomé con Óliver Laxe.

dade Pompeu Fabra. Os seus inicios no mundo do cine foron no ano 2006, tras a súa marcha a Londres, onde rodou a curta E as chemineas decidiron escapar, en colaboración con Enrique Aguilar.

Máis tarde, mudouse a Tánxer, onde rodaría as curtametraxes Sona unha trompeta, agora vexo outra cara e París #1, coas que conseguiu varios premios en certames cinematográficos. En Tánxer, tamén creou o proxecto DaoByed, unha plataforma de creación cinematográfica para nenos e adolescentes procedentes de ámbitos desfavorecidos. Desta experiencia en Tánxer, xurde a súa primeira longametraxe, “Todos vós sodes capitáns”, un ensaio visual a medio camiño entre o documental e a ficción, no que narra a historia de Óliver, un profesor que propón a un grupo de nenos rodar unha película en Tánxer. Coa súa longametraxe obtivo o premio da Fipresci (Federación Internacional da Prensa Cinematográfica) no Festival Internacional de Cine de Cannes no ano 2010, na sección Quincena de Realizadores. Igualmente, tamén conseguiu outros

galardóns no Festival de Mar de Plata e no Festival de Xixón.

No ano 2016 estréase no Festival de Cannes a súa segunda longametraxe, “Mimosas”, conseguindo o Gran Premio da Semana da Crítica, así como tamén vai a lograr outros moitos recoñecementos en diferentes foros e festivais internacionais.

“O que arde” estreouse o 21 de maio de 2019 na 72ª Edición do Festival Internacional de Cine de Cannes, na sección oficial Una Cierta Mirada, onde conseguiu o Premio do Xurado, sendo a primeira vez que unha película en galego se proxecta na sección oficial do Festival de Cannes. Despois da exitosa estrea comercial, avalada polo público e pola crítica, seguiu recollendo premios en diferentes festivais e certames, dos que podemos destacar dous Premios Goya (Goya á mellor fotografía e Goya á actriz revelación), o Astor de Ouro á mellor película no Festival de Mar de Plata, mellor filme europeo e mellor fotografía nos Premios Gaudí ou os seis premios na XVIII Edición dos Mestre Mateo, entre outros.

Fai valer os teus dereitos!

Recupera os teus cartos sen provisión de fondos.

881 964 020

· CLÁUSULAS DE CHAN E GASTOS ·
· ACCIÓNS DO BANCO POPULAR ·
Ampliación de capital 2016



PÉREZ - LEMA
Avogados e consultores

Bancario - Mercantil - Penal - Administrativo
Concursal - Laboral - Litigacións en xeral

www.xoanantonperezlema.com Fontán, 4 - 3ºD. 15004, A Coruña

A Xunta licita a restauración da igrexa de San Vincenzo de Pombeiro

A Xunta vén de licitar por 270.000 euros a realización de actuacións de conservación e mantemento na igrexa de San Vincenzo de Pombeiro, en Pantón. O templo, declarado Ben de Interese Cultural (BIC), é un dos mosteiros máis relevantes da Ribeira Sacra na época medieval e está considerado como unha das xoias do románico en Galicia.

As actuacións que se levarán a cabo no templo permitirán reducir a presenza de humidades e a entrada de auga a través da cuberta, así como mellorar a carpintería das ventás, o estado das fachadas así como a sancristía ou o acceso a través do adro. Entre as actuacións destaca a

substitución da actual cuberta, a eliminación de humidades nas bases dos muros ou a execución de novas carpinterías nas fiestras que garantan a ventilación. Renovarase os rexuntados das fachadas exteriores, reordenarase o espazo da sancristía substituindo a porta de entrada e peche e renovarase a pavimentación do espazo do adro para facilitar o acceso. O prazo de execución dos traballos será de seis meses desde o inicio das actuacións.

Retablos

A igrexa de San Vincenzo de Pombeiro, ao igual que outros mosteiros da zona, tivo as súas orixes na Alta Idade Media, cando os anacoretas poboaron as terras da Ribeira Sacra. En concreto,

data do último terzo do século XII e da primeira metade do século XIII. Conta cunha planta basilical de tres naves e cabeceira tripla. De fábrica románica conserva a cabeceira e parte dos muros perimetrais das naves, tanto ao interior como ao exterior.

No seu interior atesoura elementos moi destacados, como o conxunto de retablos, especialmente o maior, de principios do século XVIII, vinculado ao obra-doiro de Francisco Castro Canseco, e o ciclo de pinturas murais que se descubriron no 1996, que foron restauradas pola Xunta a través da dirección xeral de Patrimonio cultural e que representan a Santa Cea, as lamentacións sobre o cristo morto, o xuízo final así



Igrexa de San Vincenzo de Pombeiro.

como outras escenas como o nacemento de Cristo ou Santa Ana.

Outras accións

A intervención súmase a outras previstas polo Goberno galego e centradas na mellora da conservación e rehabilitación do patrimonio cultural Ribeira Sacra. En concreto, o Goberno galego iniciou a tramitación administrativa para

contratar as novas obras de restauración da igrexa de Santo Estevo de Atán, tamén no Concello de Pantón, por máis de 40.000 euros. Trátase dun templo declarado BICl no que se levarán a cabo actuacións que permitirán mellorar a contorna, o adro e as pinturas deste sobranceiro templo románico.

Concellos lucenses recibirán axudas para persoal nas oficinas de turismo

A Consellería de Cultura e Turismo vén de notificar que 13 concellos da provincia poderán optar ás axudas autonómicas que o Goberno galego viña reservando nos últimos anos para a contratación de persoal durante o verán, no marco das súas habituais liñas de apoio. Os concellos potencialmente beneficiarios son os de Portomarín, Palas de Rei, Mondoñedo, Ribadeo, Foz, Viveiro, Samos, Sarria, Sober, Quiroga, Chantada, Folgoso do Courel e Pantón, aos que hai que engadir á Mancomunidade de Concellos da Mariña Lucense. Cada concello recibirá 5.500€ para reforzar o persoal das súas oficinas de turismo, xerando emprego e ofrecendo un servizo de calidade.

O delegado da Xunta explicou que con esta medida búscase, en liña co previsto no Plan de Reactivación do sector turístico, fomentar o emprego, así como a colaboración cos concellos a través da contratación de persoal cualificado e profesionalizado que contribúa a blindar a calidade na atención turística no territorio galego.

O pasado Lugo foi a provincia galega na que máis creceu o tu-



Oficina de información de turismo en Sober.

rismo, cun incremento do 12,4% no caso da demanda e do 13% no número de turistas. “E fixoo nun ano no que Galicia conseguiu os mellores datos turísticos da súa historia. A situación será diferente nesta etapa poscovid-19, pero os concellos seguirán contando co apoio da Xunta”-concluíu Balseiro.

En Sober

A oficina de Sober foi preparada atendendo ás recomendacións preventivas de saúde laboral ante o COVID-19 para as Oficinas de Información Turística elaboradas pola Xunta de Galicia. A guía de boas prácticas aplicouse para garantir a saúde no ámbito laboral das persoas traballadoras e tamén para ofrecer

todas as garantías aos usuarios. Antes de retomar a actividade fíxose unha limpeza e desinfección a fondo, que se seguirá levando a cabo de forma periódica. Vaise garantir a distancia de seguridade de dous metros na atención ao público e cumprir coas normas sobre o aforo. Para iso foron instalados elementos de protección e barreiras, como unha mampara, carteis e adhesivos informativos. Tamén se colocaron dispensadores de xel e será obrigatorio o uso das máscaras. Así mesmo elimináronse os folletos turísticos, que só serán manipulados polo persoal municipal. O horario de apertura será de xoves a domingo de 09:30 a 14:30 horas.

A Deputación aprobou obras provinciais



Reunión da xunta de Goberno da Deputación.

O presidente do organismo provincial, Tomé Roca, informou de que a xunta de Goberno, primeira dende a declaración do Estado de Alarma, aprobou a adxudicación de traballos en estradas provinciais e infraestruturas por case 743.000€, en catro concellos da provincia: Monforte de Lemos, Sober, Guitiriz e Castro de Rei. As obras adxudicadas consisten no acondicionamento do acceso ao Pazo de Tor, da rúa guiriticense do Mercado e da vía dende A Pena Moscosa a Parga, e na pavimentación da contorna da Granxa Experimental. A Xunta de Goberno deu tamén o visto bo ás actuacións solici-

tadas polos concellos de Viveiro, Ourel, Cospeito e Meira para acometer con cargo aos remanentes do Plan Único 2019.

No Concello de Sober tamén se adxudicou a obra de rehabilitación do firme da estrada LU-P-5902, por importe de 61.347€. As obras realizaranse nesta vía que conecta o núcleo de Canabal con Rosende e Arxemil, entre os quilómetros 3,5 e 4,5. Os traballos consisten na reapertura de cunetas, pavimentación co estendido dunha capa de mestura bituminosa en quente sobre o firme existente e sinalización horizontal. Estas obras contan cun prazo de execución de 6 meses.

Sober convoca un concurso para deseñar logotipo de promoción

O Concello de Sober convoca un concurso para o deseño dun logotipo que servirá para identificar e promover ao municipio. O concurso rexeráse polas bases que o Goberno local vén de facer públicas e que poderán consultarse nas súas redes sociais e na súa web www.concellodesober.com. O logotipo debe recoller a esencia do municipio tendo en conta os seus sinais de identidade: os seus recursos naturais e turísticos, as peculiaridades dos seus sectores produtivos e os seus valores culturais. En concreto, o logo debe representar un ou varios valores significativos do Concello de Sober (viño, música, olería de

Gundivós, Canón do Sil, románico, rosca....). Tamén se valorará a creatividade e a claridade da obra que facilite o seu rápido recoñecemento e contribúa a establecer unha rápida identificación co municipio. Polo tanto, o deseño debe incluír a palabra SOBER.

A obra debe ser orixinal e inédita e así o debe expresar o autor ou autora certificando que o deseño é propio e que non se infrinxiron os dereitos de autor de terceiras persoas. Ningún deseño poderá conter firmas nin levar sinais de identidade que identifiquen ou permitan coñecer a identidade do autor ou autora. O logo será usado polo Concello como complementario ou substituto do escudo municipal.

tuto do escudo municipal.

Formato

O deseño terá unha disposición horizontal ou vertical e, se é en cor, deberá ir acompañado dunha versión monocroma (branco e negro ou escala de grises) que posibilite a súa reprodución nunha tinta. A inscrición é gratuíta e aberta a todas aquelas persoas que desexen participar, independentemente da súa idade, nacionalidade ou lugar de residencia. Cada participante poderá achegar o número de deseños que considere.

O prazo de recepción das propostas a concurso remata o martes 30 de xuño e deberán ser remitidas a través do enderezo electrónico



Consistorio de Sober.

prensa@concellodesober.com acompañadas dos datos persoais: nome e apelidos, domicilio, teléfono de contacto, enderezo de correo electrónico e fotocopia do DNI.

O xurado, formado por 3 persoas relacionadas co mundo do deseño e un representante do Concello que actuará como secretario pero sen voto, determinará o deseño gañador atendendo aos criterios de adecuación á temática

(representatividade do municipio e creación dunha marca que identifique a Sober), creatividade e claridade da obra. O fallo, que será inapelable, darase a coñecer ao longo do mes de xullo de 2020 e será previamente comunicado á persoa gañadora. O Concello de Sober establecerá un premio económico de 500 euros dirixido á persoa responsable do deseño do logotipo que o xurado determine como gañador.

O Pazo Bispal de Diomondi será albergue público do Camiño de Inverno

A Xunta de Galicia licitará a rehabilitación do Pazo Bispal de Diomondi, no Concello do Saviñao, que se converterá no primeiro albergue de xestión autonómica situado no Camiño de Inverno. Esta actuación, que se enmarca no Plan de Albergues, inclúe unha achega de máis dun millón de euros para facelo mellorando a eficiencia enerxética e readaptando a distribución do inmovible ás necesidades dos peregrinos que percorren esta Ruta Xacobeá.

O delegado territorial da Xunta en Lugo, José Manuel Balseiro, e o arquitecto redactor do proxecto, Justo Portela, mantiveron unha reunión por videoconferencia co alcalde do Saviñao, Juan Carlos Armesto, e a presidenta da Asociación de Amigos do Camiño de Inverno, Aída Menéndez, para explicar os detalles da intervención.

As actuacións inclúen a apertura de novos ocos para a iluminación natural, a reparación de

gretas nos muros, a reconstrución de muros exteriores e a conservación das envoltentes e edificacións anexas. Ademais, renovarase a estrutura, os pavimentos de madeira, os forxados, as mamposterías e as carpinterías.

Ao remate deste proceso o Pazo Bispal de Diomondi quedará distribuído en dous andares con catro dormitorios. Dous estarán na planta baixa, onde tamén se habilitará unha zona de recepción e de atención ao peregrino, un salón de usos múltiples e aseos. Os dous restantes estarán na planta alta xunto cunha zona de aseos, unha cociña, un cuarto de limpeza e unha sala de lecer. En total, este novo albergue ofrecerá un máximo de 33 prazas, unha das cales estará reservada para peregrinos con mobilidade reducida.

O proxecto tamén inclúe o acondicionamento dunha edificación auxiliar que se proxecta unha zona de servizo composta por o lavadouro, tendedeiro e un cuarto

para bicicletas e unha zona para aloxar as instalacións das subministracións do complexo.

A actuación prevista no Pazo Bispal Diomondi permitirá mellorar os servizos que se ofrecen aos peregrinos que percorren o Camiño de Inverno, un trazado que conta cun gran potencial de crecemento e que só no ano pasado foi percorrido por máis de 1000 persoas, o que supón un incremento de preto do 50%. Ademais, é unha ruta que transcorre pola Ribeira Sacra, a candidata de España para ser declarada Patrimonio Mundial pola Unesco no ano 2021 e un territorio singular que supón un exemplo sobranceiro da acción conxunta das persoas e a natureza.

Balseiro subliñou que o proxecto enmárcase no Plan de Albergues da Xunta de Galicia que aposta pola rehabilitación de edificios de valor histórico e patrimonial, como o Pazo de Diomondi, e pola posta en valor das diferentes rutas de peregrinación.



Pazo Bispal de Diomondi.

Trátase dunha folla de ruta que ten como obxectivo a mellora dos establecementos de acollida ao peregrino diversificando os fluxos de peregrinos e ofrecendo un servizo de calidade en todos itinerarios.

Camiño sustentable

A aposta pola rehabilitación de edificios con valor histórico patrimonial encaixa cos valores de sustentabilidade do Camiño de Santiago, un fenómeno vinculado á natureza no que os peregrinos interactúan co territorio, a poboación, a cultura e o patrimonio dun xeito respectuoso e minimizando o impacto co medio

natural.

Ademais estas actuacións, que teñen en conta a accesibilidade, reforzan o potencial integrador da Ruta Xacobeá, un espazo no que conviven diversas culturas e no que se fomenta a accesibilidade, a igualdade e o equilibrio real entre todos os colectivos da sociedade civil a través de iniciativas nos trazados, na sinalización ou nos propios albergues. De feito, todos os establecementos de xestión autonómica contan con aseos e dormitorios adaptados, pictogramas e paneis con sistema de Braille e bucles magnéticos.

O Plan de ordenación de San Fiz de Asma, en Chantada, inicia a súa tramitación ambiental

O Plan de Ordenación do Medio Físico (POMF) de San Fiz de Asma, no Concello de Chantada, iniciou a súa tramitación ambiental. Así o avanzou a conselleira de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, Ángeles Vázquez, tras manter unha reunión de seguimento dos traballos co alcalde chantadino, Manuel Lorenzo Varela, a directora xeral de Ordenación do Territorio e Urbanismo, Encarna Rivas, e o arquitecto redactor do plan, Mario Crecente.

Nestes momentos tanto o borrador do POMF como o documento inicial estratéxico están practicamente rematados, o que permitiría iniciar a continuación o trámite ambiental ante a Dirección Xeral de Calidade Ambiental e Cambio Climático, que disporá de tres meses para emitir o seu informe, unha vez finalizadas as consultas ambientais correspondentes.

O POMF de San Fiz de Asma é o primeiro documento destas características que se promove en Galicia e enmárcase dentro do chamado Plan de Acción Estratéxico para a Ribeira Sacra, un conxunto de medidas e actuacións impulsadas pola Xunta en setem-

bro de 2019 co obxectivo común de mellorar a planificación e a protección deste territorio a cabalo entre as provincias de Lugo e Ourense.

Para elo, o Plan inclúe un paquete de 10 propostas a nivel ambiental, paisaxístico e urbanístico cun investimento global de máis de 3,5 millóns de euros. Entre elas figura o POMF de San Fiz, que empezou a concretarse o pasado mes de novembro despois de que o Consello da Xunta acordara iniciar a súa tramitación.

Tal e como subliñou a conselleira, coa elaboración deste primeiro Plan de Ordenación do Medio Físico -cun orzamento de 68.000 euros- preténdese a conservación e o mantemento das características dunha paisaxe construída digna de preservar. Así, a parroquia de San Fiz de Asma conta cunha gran densidade de construcións singulares e de especiais características que requiren dunha ordenación detallada e específica.

Esa será, precisamente, a función principal do POMF, que para cumprir con estes obxectivos fixará pautas de intervención sobre as devanditas construcións, os



Videoconferencia co alcalde de Chantada, Manuel Varela.

viarios de acceso e os socalcos así como os materiais a empregar, establecendo, en definitiva as medidas e normas de protección necesarias para garantir a súa preservación, restauración ou mellora e a súa adecuación ás funcións e usos correspondentes.

Pulo á candidatura ante a Unesco

Ademais do POMF, entre as medidas do Plan de Acción para a Ribeira Sacra cómpre subliñar a reformulación das dúas áreas de especial interese paisaxístico que hai nesta zona, a fin de adaptalas á realidade actual e fusionalas nunha soa (a AEIP Ribeira Sacra),

ou o desenvolvemento de diversas actuacións en materia paisaxística por parte do Instituto de Estudos do Territorio co horizonte posto no ano 2021.

En concreto, prevese a elaboración dun Pacto pola Paisaxe e dun Plan de Acción da Paisaxe nesta zona de gran riqueza natural e paisaxística. De feito, a finais de abril a conselleira Ángeles Vázquez anunciaba que se estaba a ultimar a memoria técnica do Plan da Paisaxe da Ribeira Sacra, co que se busca contribuír a mellorar a percepción do territorio e a comprensión dos valores da súa paisaxe cultural.

Ademais, en febreiro declarouse

a primeira Área de Rehabilitación Integral (ARI) da Ribeira Sacra, xestionada polo Instituto Galego da Vivenda e Solo e integrada por 25 concellos das provincias de Lugo e Ourense. En breve convocaranse as axudas para este ano, dotadas cunha partida de 850.000 euros e ás que poderán acceder tanto concellos como particulares co fin de promover accións integrais de rehabilitación para usos residenciais dentro do ámbito territorial que abrangue a nova ARI.

Con todas as medidas incluídas no Plan de Acción Estratéxico impulsado pola Xunta preténdese dar un pulo definitivo á dobre candidatura da Ribeira Sacra ante a Unesco a Reserva da Biosfera e a Patrimonio da Humanidade.

En marzo deuse un paso decisivo cando o Centro de Patrimonio Mundial confirmou que a candidatura galega fora aceptada para a súa avaliación na 45ª sesión do Comité, prevista para 2021. Paralelamente, tamén está en proceso a candidatura a Reserva da Biosfera da Ribeira Sacra e serras do Oribio e Courel, remitida ao Comité Español MAB da UNESCO en decembro do ano pasado.

O IES Lama das Quendas, de Chantada, moi comprometido coas iniciativas educativas

A conselleira de Educación, Universidade e Formación Profesional, Carmen Pomar, achegouse ao IES Lama das Quendas, en Chantada, para visitar o alumnado de segundo curso de Bacharelato que, de xeito voluntario, volveu ás aulas para preparar a última etapa do curso escolar e, sobre todo, reforzar os contidos académicos de cara ás probas da Abau.

A falta dun mes para as probas de acceso á Universidade, Carmen Pomar, recoñeceu o esforzo que están a facer os estudantes nesta recta final do curso, así como a implicación e o apoio dos docentes, que están xogando un papel clave nunha situación ex-

cepcional para o conxunto da comunidade educativa.

Segundo a conselleira, esta nova situación require dun traballo en equipo entre alumnos, docentes e equipos directivos, tanto no que atinxe a esixencias de innovación académica, como á implantación de medidas de seguridade e hixiene reforzadas en todos os recintos educativos.

O IES Lama das Quendas é un instituto moi comprometido coas iniciativas educativas que a Consellería de Educación pon á disposición dos centros ao longo de todo o curso. Así, destaca especialmente pola súa participación en proxectos de Educación Dixital (é centro E-Dixgal desde o curso



A conselleira co alumnado.

18-19 para 1º e 2º curso de ESO, e Club de Ciencia); en diversas iniciativas do Plan Proxecta (Centros Activos e Saudables, Donas de Si,

Paisaxe e Substentabilidade, Proxecto Ríos e Educación Patrimonial), no Plan de Mellora de Bibliotecas Escolares (Plambe) e nos Club de

Lectura; e nos Contratos-Programa coa liña 1 (Refórza-t), de mellora do rendemento académico de alumnado con dificultades.

O Goberno non pode permitir que Alcoa peche Aluminio, sostén CC.00.

“Que Alcoa deixe de marear”, dí o delegado do Goberno

“O Goberno non pode permitir que Alcoa peche a planta de Aluminio. É precisa unha resposta urxente por parte do Goberno antes de que a empresa inicie o proceso oficial ou formal de despedimento colectivo, é dicir, ERE para 534 traballadores” dixo o secretario xeral da Federación Estatal de Industria de CC. 00. Agustín Martín.

“O Goberno, sostén Martín, ten que moverse e anular que Alcoa peche a planta de Aluminio. Se a multinacional quere ir, que se vaia, pero ten que haber un marco alternativa, unha solución alternativa a Alcoa”. O Ministerio de Industria, de feito, a través do secretario xeral Raúl Blanco, expresou na reunión da mesa multilateral o seu compromiso de manter a produción de aluminio primario na Mariña, “con

ou sen Alcoa”.

Agustín Martín explicou que “o Goberno ten que buscar investidores interesados, fixando un prezo eléctrico competitivo e un proxecto de futuro con aluminio verde (renovables), ou ben a través de participación pública (Estado) e privada”. “O que se lle pide a Alcoa é boa vontade. Que expoña a súa decisión con claridade, que tome unha decisión sobre o seu futuro, que poña as condicións para seguir; que non, que deixe alternativas a que outra xente do aluminio interesada, que en España haina, siga. Sobre todo, que non peche a planta, que non peche as cubas», engadía. E insiste: “O Goberno non pode permitir que Alcoa abra o proceso oficial de ERE, de despedimento colectivo. Porque é que a fábrica ten futuro, é eficiente,

moderna, ten a concesión do porto, instalacións, pódese seguir producindo aluminio primario”.

O problema é Alcoa

O delegado do Goberno en Galicia, Javier Losada, instou á multinacional Alcoa a que “deixe de marear” e permita un proceso industrial de futuro na planta de San Cibrao tras o anuncio do despedimento de 534 persoas. “Non debemos equivocarnos e buscar nas administracións públicas o inimigo dos traballadores. O problema é Alcoa”, manifestou ao ser preguntado pola situación desta fábrica xunto ao líder do PSdeG, Gonzalo Caballero. Losada considerou que Alcoa “non pode estar nesta fase na que nin quere vender, nin quere buscar un socio industrial, nin ten unha política industrial de futuro”. “O problema é Alcoa e eu pídolle a Alcoa que de marear. Xa empezo a pensar se o que está a buscar é un conflito social e un conflito de orde pública”, sostivo o delegado do



Manifestación contra o peche de Alcoa.

Goberno en Galicia.

Presións

Caballero considera necesario “manter toda a presión das administracións para que Alcoa rectifique”. Deixou claro que o Ministerio de Industria “está na mesma situación na que estivo ao longo destes anos”, que é posibilitar que “todos os conflitos herdados do Partido Popular resolvénsese”. “E haos resollido. Uns con negociacións, outros con acordos”, manifestou para incidir en que se trata dun problema xerado por “Alcoa” e que o Goberno “sempre estará cos traballadores”. O secretario xeral do PSdeG censurou que en

11 anos de goberno en Galicia o Partido Popular “non fixo ningunha política industrial para defender a industria, non resolveu problemas e careceu de folia de roteiro con compromiso para os traballadores e a actividade industrial en Galicia.

Ademais, considerou que Alcoa, empresa que recibiu “centos de millóns de euros de fondos públicos”, ten que entender a importancia da responsabilidade social corporativa e rectificar a súa decisión. Para iso, considerou necesario “manter toda a presión das administracións para que Alcoa rectifique e manteña o emprego na planta de San Cibrao”.

Convocada unha nova edición do certame de investigación Condado de Pallares

A Xunta de Galicia renova un ano máis a súa colaboración co Certame de Investigación Condado de Pallares. A Delegación de Lugo acolleu a presentación da XIV Edición do premio, que convoca a Asociación de Amigos do Mosteiro de Ferreira de Pallares, no que supuxo o primeiro acto presencial que se celebra nesta sede dende a declaración da crise sanitaria.

O delegado territorial da Xunta en Lugo, José Manuel Balseiro, subliñou a valiosa contribución do certame ao coñecemento deste territorio histórico, dado que fomenta a investigación en ámbitos como a lingüística, a historia, arte, arqueoloxía, antropoloxía, etnografía e folclore nesta zona que se estendía polos actuais concellos de Guntín, Portomarín, Taboada, Chantada e Carballo.

Na presentación, na que se observaron as medidas de seguridade prescritas pola pandemia da co-



Presentación da nova edición do certame.

vid-19, participou o presidente da asociación organizadora, Carlos Vázquez, xunto con representantes das entidades patrocinadoras. Así, por parte dos concellos asistiron os alcaldes de Chantada, Manuel Lorenzo, Guntín, María José Gómez, e Taboada, Ramiro Moure. Tamén participaron Manuel Varela López, presidente de Caixa Rural; Maite Ferreiro, en representación da Deputación, e os xerentes dos Grupos

de Desenvolvemento Rural de Lugo e Miño-Ulla, Paz Rodríguez e Javier Rodríguez respectivamente.

O premio está dotado con 3.000 euros e a publicación da obra gañadora a cargo da Dirección Xeral de Política Lingüística da Xunta. Os traballos deben ser orixinais e inéditos, estar escritos en lingua galega e cunha extensión mínima de 100 folios. O prazo de presentación rematará o 30 de setembro.

MARTIRENA



Muíños mellorará varios núcleos de poboación

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade, a través de Augas de Galicia, vén de adjudicar a redacción do proxecto construtivo de mellora do saneamento en varios núcleos do Concello de Muíños. Este contrato, cun investimento autonómico duns 11.000 euros, foi adjudicado á empresa Ametlam, S.L. O Concello ourensá solicitou a colaboración técnica de Augas de Galicia, presentando unha memoria valorada que contempla distintas actuacións coa que pretende mellorar as redes de saneamento deste municipio.

Os traballos contratados por Augas de Galicia consisten en definir ata un nivel de proxecto



Querease mellorar as redes de saneamento de Mugueimes.

construtivo a execución dun colector desde o núcleo de Muíños que conecte co colector xeral de Mugueimes. Tamén prevé o de-

senvolvemento de actuacións nos núcleos de Mugueimes e Barrio, e melloras nas estacións depuradoras de Augas residuais de Parque e de Pazos.

Así mesmo contéplase a necesidade de que os veciños que actualmente están conectados a rede de saneamento queden con servizo unha vez rematada a obra, e que se repoñan os servizos afectados e os pavimentos das vías afectadas polas obras.

Para isto está previsto un traballo de análise da problemática a resolver e, para cada caso, a obtención dos datos previos necesarios; para a continuación elaborar a nivel construtivo a alternativa seleccionada.

Agrupación Miño coñeceu as obras do Plan +Rural



O concelleiro con representantes veciñais.

O tenente de alcalde do Concello de Ourense, Jorge Pumar, reuniuse con 18 representantes das asociacións pertencentes á Agrupación Miño co obxectivo de explicarlles as actuacións e investimentos que se van a realizar nas súas parroquias no marco do Plan +RURAL, que abrangue 51 actuacións cun investimento de máis de 3,7 millóns de euros de obras no

perímetro rural de Ourense.

“É necesario que os políticos escoitemos e fagamos partícipes aos veciños, verdadeiros coñecedores das necesidades das súas parroquias. Por iso reunímonos para presentar e explicar calquera dúbida das obras que os propios veciños definiron como prioritarias nas súas zonas”, destacaba o tenente de alcalde Jorge Pumar, tras a reunión mantida cos representantes.

O Concello inicia as obras de embelecemento do parque de San Lázaro

O Concello de Ourense inicia as obras de acondicionamento e de mellora das zonas verdes do parque de San Lázaro. As actuacións buscan devolverlle a cor e o esplendor a un dos parques máis transitados e emblemáticos da cidade. As obras consisten nun escarificado e cavado dos lugares onde se vai a actuar para despois recibir o terreo con substrato para abonalo. Despois colócanse definitivamente os tepes (tiras de céspede e solo unidos polas raíces). Colocarase aproximadamente 1.100 m² de tepes, empezando polos 600 m² da zona baixa do parque e terminando cos restantes 500 m² da zona alta do mesmo. Para o te-



Plantaránse máis de 1.800 xeranos e ledicias que adornarán o parque.

nente de alcalde e concelleiro de Medio Ambiente, Jorge Pumar, “esta actuación está en liña coas obras de acondicionamento e embelecemento que se están levando

a cabo nos parques e xardíns da cidade”. “Imos actuar progresivamente en toda a cidade para que os veciños poidan gozar e presumir do seu Ourense”, afirma.


“La Molinera” organiza obradoiros



O centro imparte estes cursos mais continúa pechado ao público en xeral.

O Centro Municipal La Molinera reanudou a programación de actividades formativas, interrompida pola pandemia da covid-19. Até finais de xullo serán en total 6 os obradoiros que se desenvolvan, na Aula CeMIT do centro municipal. Concretamente: Iniciación ao deseño 3D - TINKERCAD (10 a 16 de xuño), Reparación e calibración de impresoras 3D

(18 a 23 de xuño), Impresión en 3D • (25 de xuño a 2 de xullo), Fabricación de impresora 3D XL (1 a 15 de xullo), Manexo de máquinas CNC - FUSION 360 (6 a 17 de xullo) e Fabricación dixital de xoguetes para bibliotecas e animación a lectura (20 a 24 de xullo): As prazas de todos estes cursos están xa cubertas, xa que as inscricións realizáranse en marzo.



A Confederación do Miño-Sil inicia a reconstrución do paso do Briñal sobre o Arnoia, que terá que executar o Concello de Allariz

A Confederación Hidrográfica do Miño-Sil (CHMS), Organismo autónomo dependente do Ministerio para a Transición Ecolóxica e o Reto Demográfico, executará as obras de reconstrución da Pontela do Briñal sobre o río Arnoia en Allariz.

En febreiro de 2019 houbo chuvias intensas que provocaron o arrastre de árbores e madeiras inertes que afectaron á estabilidade do Pontón do Briñal ubicado no casco urbano de Allariz. A alcaldesa entrevistouse co presidente da CHMS para solicitar a colaboración do Organismo, descoñecendo a catalogación do Pontón e a necesaria autorización da Dirección Xeral de Patrimonio da Xunta de Galicia para poder executar a reconstrución, o seu comezo está previsto para finais de xuño.

As obras, executadas e sufragadas polo CHMS supoñen un



investimento de 26.929€; unha vez finalizadas, será o Concello o encargado do seu mantemento e conservación.

A alcaldesa tamén solicitou colaboración na limpeza de ríos no casco urbano argumentando a imposibilidade de levar a cabo estes traballos por medios propios.

Este Organismo realizou entre 2019 e 2020 actuacións en distintos tramos de río, entre as

que destacan as executadas desde as inmediacións do centro escolar de Allariz ata a Ponte de Vilanova e o entorno das piscinas municipais, outra á altura do complexo deportivo do Seixo ata augas abaixo do "Muíño do Briñal", que incluía, entre outros traballos, a retirada dos troncos retidos polo paso fluvial. O investimento realizado en Allariz en limpeza de ríos superou os 60.000 euros.

Benestar Social de Allariz organiza un obradoiro para mulleres

Área de Benestar Social do Concello de Allariz organiza un obradoiro para mulleres a finais do mes de xuño que terá por título: pequenas doses e coñecementos para unha mesma e para a comunidade! Os días nos que se realizará esta actividade, se a situación sanitaria o permite, serán o 16, 18, 23 e 25 de xuño. O obradoiro ten unha duración de catro sesións, de dúas horas cada sesión, e terá unha serie de contidos relacionados coa posibilidade de entender a muller que somos agora, e poder así entender tamén aos outros/As.

Esta formación estará impartida pola Técnica Municipal, Ana Cardoso, e contará coa presenza de Beatriz Pérez Fernández e Berta Vega Villaamil, que complementarán a parte dos contidos, cun traballo sobre as actitudes nas relacións e as ferramentas persoais para os momentos de crise.

A maiores seguirase coa Atención ás Vítimas de Violencias, coa formación das Doulas Sororas, coa II Escola de Verán, e cunha serie de actuacións en formato pequeno, e segunido todas as medidas de seguridade, para poder ofrecer a tranquilidade

necesaria para asistir a este tipo de actividades, e por unha cuestión de responsabilidade social.

Durante estes meses, o Concello de Allariz, como servizo esencial, continuou ofrecendo apoio ás mulleres vítimas de violencia deste Concello, a través de entrevistas telefónicas, moita máis coordinación coas Forzas e Corpos de Seguridade e coa coordinación coas Doulas Sororas. É importante non esquecer que as violencias seguen, e que o traballo das Institucións non pode parar de forma que veamos por unha sociedade máis xusta e que saiba convivir.

A renovación do firme da AG-53 Cea-Dozón sae a licitación

A Xunta de Galicia sacou a licitación as obras de renovación do firme do tramo da AG-53 entre Dozón (Pontevedra) e San Cristovo de Cea (Ourense), que terá un investimento de 4,8 millóns de euros cun prazo de execución dos traballos de 6 meses. A obra foi autorizada polo Consello da Sociedade Pública de Investimentos, adscrita á Consellería de Infraestruturas da Xunta.



As obras consistirán na reparación de danos superficiais, fresado de taboleiros de pasos de vigas e a reposición do firme propiamente dita no tronco da vía e nos ramais. Tamén inclúe o repintado da sinalización viaria e a

reposición de captafaros e os elementos de balizamento. O prazo de presentación de ofertas fixouse para o 8 de maio, aínda que condicionado á duración do estado de Alarma, indica respecto diso a Xunta de Galicia.

Melloras na estrada do Reino, no concello de Piñor



Buscase protexer a circulación dos peóns.

A Consellería de Infraestruturas e Mobilidade vén de iniciar as obras de mellora da estrada OU-154, ao seu paso polo núcleo do Reino, no Concello de Piñor. O contrato foi adjudicado á empresa Hordescón S.L. por un importe de preto de 100.000 euros. Os traballos para acometer o acondicionamento desta vía autonómica, que inclúen a reposición de servizos, disporán dun prazo de execución duns tres meses aproximadamente. A intervención consistirá na adecuación da estrada OU-154, no treito comprendido entre os puntos quilométricos

1+741 e 2+025, para incrementar a seguridade viaria na contorna. Esta actuación contemplará a remodelación dos espazos para protexer a circulación dos peóns e a disposición de nova sinalización e redutores físicos de velocidade.

Tamén se levará a cabo a rehabilitación do firme neste tramo, así como a substitución das redes de servizo aéreas de alumeadado e de teléfono por unha canalización soterrada. Ademais, o proxecto incluírá a mellora da iluminación mediante a substitución dos puntos de luz por novas farolas con luminarias led.

Os socialistas reúnen en Ourense ao poder municipalista

Os socialistas galegos reuníronse en Ourense ao poder municipalista de progreso, “fronte ao caciquismo e a letalidade que representan Alberto Núñez Feijóo e Manuel Baltar”. No encontro participaron o candidato á presidencia da Xunta e secretario xeral do PSdeG, Gonzalo Caballero; o secretario provincial, Rafa Villarino; Abel Caballero, alcalde de Vigo; Inés Rey, alcaldesa da Coruña; Lara Méndez, alcaldesa de Lugo; Xosé S. Bugallo, alcalde de Santiago; Ángel Mato, alcalde de Ferrol; Alberto Varela, alcalde de Vilagarcía; Valentín G. Formoso, presidente da Deputación da Coruña; Carmela Silva, presidenta da Deputación de Pontevedra e José Tomé, presidente da Deputación de Lugo, así como candidatos e candidatas ao Parlamento de Galicia nas eleccións autonómicas.

Gonzalo Caballero asegurou

que “os gobernos municipais nos concellos e deputacións de Galicia representan progreso, benestar, estabilidade e oportunidades para a cidadanía”, antes de resaltar “un gran acordo do Partido Socialista para abrir unha etapa de progreso e benestar ao fronte da Xunta de Galicia en sintonía cos alcaldes, alcaldesas, presidentes e presidentas das deputacións”. “O 55 % dos galegos e galegas teñen hoxe un alcalde ou alcaldesa socialista e o pulo acadado hai un ano nas eleccións municipais, danos forza para abrir agora unha nova etapa tamén na Xunta”.

“O poder de progreso que quere a xente e iste poder municipalista que é a referencia e o espello no que nos imos mirar para unha nova etapa de progreso na Xunta”, insistiu o líder do PSdeG quen tamén cualificou a Feijóo como “un escapista das súas responsabilidades” polo que, ante este



A plana maior dos socialistas de Galicia.

abandono, “sempre estiveron os alcaldes e alcaldesas do PSdeG defendendo a veciños e veciñas”.

Rafa Villarino dixo que o “poder municipal socialista” representa “o avance e o progreso que por desgraza non temos en Ourense” e “por iso o día 12 de xullo temos a oportunidade de facer cambiar

a realidade nesta provincia que está en mans dun baltarismo que agora estendeu o seu poder ata o Concello de Ourense”. “É tempo de cambiar, de mudar, de facer que a esperanza veña para esta terra e o 12 de xullo é momento oportuno”, aseverou antes de concluír asegurando que “non podemos

quedar atrás” polo que “é o momento de que Ourense cambie”.

Todos os socialistas galegos arrouparon ao secretario provincial e líder do PSdeG en Ourense, ante os últimos ataques do “baltarismo máis caduco”, logo de ser destapada a “trama de privilexios nas subvencións a pemes e autónomos” no “peor momento da historia do caciquismo cun PP de ourensán en descomposición tralo pacto da vergoña con Jácome e logo da desfeita en votos desde que Manuel Baltar herdou a Deputación, quen perde 17 votos cada día”. “Tras ser difundidas prácticas irregulares polas que xa foron condeados anteriormente, nos próximos días desde o PSdeG-PSOE afondaremos na defensa de todos os afectados e afectadas pola pandemia e chegaremos ata onde faga falta para frear o vergoñento tráfico de poder de Baltar”, advirten.

Noa Presas: “O 12X non lle daremos as costas ás relacións de Galiza con Portugal”

A candidata do BNG por Ourense, Noa Presas; a voceira do BNG no Parlamento Europeo, Ana Miranda; e o tenente alcalde da vila de Monterrei, Diego Lourenzo, visitaron o paso fronteirizo da Eurocidade Chaves-Verín. Presas e Miranda destacaron o papel de Verín como exemplo de mobilización social reivindicando o dereito a unha sanidade pública e reafirmaron o seu compromiso de non darlle as costas ás relacións con Portugal para comezar a construír.

Presas comezou explicando a importancia do BNG nas institucións poñendo como exemplo a labor da compañeira de organización, Ana Miranda, no Parlamento europeo “levando os intereses de Ourense a Bruxelas: tanto na limpeza dos ríos, o Alvia”. Asemade, comprometeuse a que “a partir do 12X non lle daremos as costas á relación con Portugal” promovendo o desenvolvemento socioeconómico. “Estamos nun lugar onde hai un forte intercambio económico e social que agora se está vendo moi prexudici-



Diego Lourenzo, Noa Presas e Ana Miranda, en Verín.


cado co peche debería ser modificado” destacou a candidata por Ourense.

“Non é lóxico que houbera discrepancia entre Estados para abrir as fronteiras segundo os intereses particulares” continuou explicando. “Ten que aplicarse unha normativa única para todos os Estados membros e sobre todo para os máis afectados polo coronavirus. Non é normal que en Bélxica estean desde o principio os parques infantís abertos e aquí non se abran as escolas infantís”, criticou

a portavoz do Bloque en Europa.

Presas adiantou que para saír adiante da crise que deixa miles de persoas no desemprego e miles de negocios coa persiana baixada “hai que reforzar o sistema público de pensións ou os dereitos sociais: precisamos un proxecto político claro e sen ataduras”. Asemade, a candidata por Ourense comprometeuse a exirir voz propia para Galiza en todas as negociacións no eido europeo para garantir que “esta nova crise non a paguen os e as de sempre”.

MARTIRENA



Galicia en Común comprométese a asegurar o acceso de todo alumnado a Internet e a través de axudas directas ás familias

O candidato de Galicia en Común-Anova Mareas, Antón Gómez Reino, asumiu o compromiso de acabar coa discriminación dixital que padecen os estudantes que non poden acceder ás ferramentas de ensino on line por falta de medios para sufragar os equipos informáticos axeitados e para pagar a conexión a Internet de alta velocidade.

“Se logramos un Goberno de progreso tras o 12 de xullo, acabaremos coa fenda dixital en todo o país durante a próxima legislatura, e poremos en marcha un programa de axudas públicas directas para financiar o acceso integral de todo alumnado galego ás novas tecnoloxías da información”, dixo.

Gómez Reino lembrou que a suspensión do curso escolar e o confinamento derivado da emerxencia sanitaria ten prexudicado especialmente aos alumnos de Primaria e Secundaria que pertencen a fogares con menos recursos, e que tiveron dificultades para ac-



ceder ao teleensino ou directamente se viron privados desa posibilidade. Esa exclusión tamén afectou ao estudiantado universitario e de Formación Profesional que non tiña capacidade económica para adquirir ordenadores e pagar conexións axeitadas á rede.

“Os expertos veñen alertando de que cando o próximo outono se inicie o novo curso existe risco de rebrote da epidemia. Temos que prever esa posibilidade mobilizando os recursos públicos necesarios para impedir que ningún alumno sexa privado do seu dereito á educación por non dispor de rendas suficientes para contar coas ferramentas informáticas ne-

cesarias”, alertou.

O voceiro de Galicia en Común lembrou que, segundo os últimos datos do Instituto Galego de Estatística, hai 372.892 fogares galegos que non dispoñen de ordenador, e que cerca de 144.000 familias habitan en vivendas sen conexión a Internet, nin sequera a través do teléfono móbil. A situación é especialmente grave en comarcas enteiras da provincia de Ourense, onde a porcentaxe de fogares sen acceso á rede supera o 65% do total; ou na Costa da Morte, o sur da provincia de A Coruña, a Mariña lucense, os Ancares e o interior de Pontevedra, con índices por riba do 35%.

Ana Miranda insta á Comisión Europea a activar un plan de recollida, tratamento e control das máscaras e luvas

A portavoz do BNG en Europa, Ana Miranda, reclama que a Comisión Europea poña en marcha un programa que garanta a recollida, tratamento e control de máscaras de protección e luvas co obxectivo de diminuír o seu impacto no medio ambiente. Segundo destaca Miranda, “resulta imprescindible aumentar o control sobre os residuos para evitar danos no medio ambiente” dada a presenza destes sistemas de protección incluso nos océanos.

“Ademais da terrible situación sanitaria, social e económica causada pola pandemia, esta tamén ten repercusións no medio ambiente, co aumento da contaminación terrestre e mariña”, sinala a portavoz do BNG en Europa nunha pregunta dirixida á Comisión, ao tempo que advirte do prexuízo que as luvas



e as máscaras poden causar no medio ambiente ao non ser biodegradables.

Ana Miranda lembra que no 2019 o Parlamento Europeo aprobou a Directiva relativa á redución do impacto de diversos produtos de plástico no medio ambiente, que marcaba as pautas dos Estados membros para eliminar este material. “Trátase dun acordo importante, pero a día de hoxe é necesario ter en conta a nova situación para evitar as consecuencias da presenza do plástico”, considera.

O BNG critica que o PP aplique “o rodillo” na Eurocámara para pechar a denuncia sobre o saneamento da ría Viveiro

A portavoz do BNG en Europa, Ana Miranda, critica que o PP aplicara o “rodillo” na Comisión de Peticións da Eurocámara para pechar a denuncia presentada polo Bloque de Viveiro para dar a coñecer nas institucións europeas os verquidos constantes na súa ría e a falta dun proxecto integral de recuperación. “É lamentable que a presidenta da Comisión de Peticións desoia o secretariado técnico, que aconsellaba manter a denuncia aberta, e pola contra prefira seguir as instrucións do seu partido”, sinala Miranda.

“Co incumprimento reiterado da Directiva 91/271/CEE relativa ao tratamento das augas residuais urbanas, a denuncia pola falta de saneamento integral na ría de



Viveiro debería manterse aberta para ser tratada e debatida na Comisión de Peticións”, afirma Ana Miranda, quen lembra que o 80 por cento dos fondos do contrato da mellora da EDAR de Viveiro, -en concreto das liñas de tratamento da estación depu-

radora de augas residuais-, proceden nun 80 por cento dos fondos FEDER.

Ana Miranda sinala que “é curioso que inicialmente o proxecto de saneamento ascendese a case 4 millóns de euros, tal e como figura na web da Xunta e agora

falen de case 3 millóns” e asegura que a formación nacionalista “estará vixiante para que os fondos europeos sexan executados correctamente e nos prazos pertinentes”. Segundo defende a responsable nacionalista, “xa non caben máis retrasos na execución das obras de saneamento, posto que teñen os verquidos seguen sendo constantes, cun evidente prexuízo medio ambiental e económico”.

Neste sentido, a portavoz do BNG en Viveiro, Miriam Bermúdez, lembra que o proxecto inicial se dividiu en dúas partes co fin de axilizar a tramitación, “pero é necesario executar ambas para poder cumprir cos obxectivos medioambientais marcados pola UE”. O prazo para certificar o gasto é o 31 de decembro de 2023, pero

para facelo é necesario 1 ano de cumprimento de parámetros de depuración, polo que na práctica a obra ten que estar rematada o 31 de decembro de 2022.

Por outro lado, o Bloque cuestiona os datos remitidos desde a Xunta á Comisión de Peticións en canto á capacidade de depuración, xa que a Xunta recoñece que é para 16.000 habitantes mentres declaran 25.000. Ademais, existen erros referidos ás coordenadas do punto de verquido, en tanto que non é o sinalado, e ao estar o emisario roto verte xunto a zonas de baño a captacións de auga. “É imprescindible un saneamento e rexeneración integral da ría, xa que seguen existindo núcleos sen conectar á depuración”, conclúen as representantes nacionalistas.

Presentación simultánea das candidaturas do PP de toda Galicia

O Partido Popular de Ourense é “a opción máis segura e fiable para o futuro que os ourensáns necesitan nestes momentos de reconstrución económica e social”, declarou o presidente provincial popular, Manuel Baltar, trala presentación da candidatura do PP de Ourense ás eleccións autonómicas do 12 de xullo. A cabeza de lista, Marisol Díaz Mouteira, afirmou que todos os compañeiros de candidatura traballarán “con humildade para ofrecer certezas, confianza e unidade aos ourensáns, e non unha lea de siglas repleta de concesións partidarias e

moita letra pequena nos pactos”. O mosteiro de Oseira foi un dos cinco escenarios nos que se presentaron, simultaneamente, as candidaturas do PPdeG nas catro provincias, nun novidoso formato para reunir á familia popular galega e respectar as medidas de seguridade establecidas fronte ao coronavirus.

Manuel Baltar cualificó a lista ourensá como “unha candiatadura gañadora, do rigor e do coñecemento, do partido con maior porcentaxe de apoio de España, e que conecta coa xente como ningún”. Un conxunto de homes e mulleres que “adquiriron o com-

promiso de loitar por Ourense apoiando ao presidente Feijóo, un ourensán que está en disposición de obter unha nova maioría absoluta, e que o fará coa reválida dos nove escaños que nos marcamos”.

“Un xeito de facer do que podemos presumir porque aí están os feitos -engadiu o presidente provincial- e que nos diferencia doutras formacións políticas, absolutamente respectables, pero non tanto algúns dos seus cargos públicos, como Rodríguez Villarino e o subdelegado do Goberno, que se posicionaron decididamente en contra dos ourensáns”. Ambos os dous, criticou, están a facer



Presentación da candidatura no mosteiro de Oseira (Cea).

un exercicio de mezquindade xerando intranquilidade entre os autónomos e pemes que reciben e recibirán as axudas da Deputación de Ourense”.

Non obstante, advertiu Díaz Mouteira, “para cimentar a Galicia mailo Ourense dos próximos anos, antes hai que conseguir a con-

fianza dos nosos veciños e veciñas para que nos ofrezan o seu apoio o 12 de xullo, para convencerlles, aínda que o viran nestes catro anos, que só hai unha opción para un futuro estable, pero nunca conformista: o Partido Popular, que quere seguir construíndo Galicia, non repartila”.

Presas reivindica ao BNG como a alternativa ao PP

A candidata do BNG por Ourense, Noa Presas, mantivo un encontro coa mocidade de Xinzo de Limia acompañada polo concelleiro do BNG da localidade, Ramiro Rodríguez, e o candidato ao Parlamento, Diego Lourenzo. Presas reivindicou ao BNG como a alternativa para a mocidade que quere un Ourense vivo e sinalou a necesidade dun cambio político o vindeiro 12X que aposte pola mocidade para liderar a transformación que a circunscrición precisa.

Presas indicou que Ourense se atopa nun contexto difícil, onde a mocidade se atopa “en perigo de extinción”. Así mesmo, engadiu que a situación post coronavirus, as condicións europeas e os recursos do Estado exercerán presión á hora das eleccións galegas: “estamos nun momento clave” sinalou Presas. Mais a candidata mostrouse confiada no papel que desenvolverá a mocidade neste contexto e confiará no modelo defendido polo BNG para estes comicios. “Hai dúas opcións: a nova discriminación ás maiorías sociais e a esta parte do país, ou a folla de ruta diferente que defendemos desde o BNG” enumerou. Fixo fincapé na restrición de dereitos e a liberdade de expresión que se foron sucedendo ao longo destes 11 anos de Par-

tido Popular á fronte da Xunta de Galicia. “Víronse as costuras do neoliberalismo e da dependencia a Madrid”

Presas sinalou que é necesario unha “aposta política firme a partir do 12X para xerar emprego e dinamismo económico tanto reindustrializando todo o noso potencial como apostando na transformación e a innovación do sector agrogandeiro”

A candidata fixo unha mención ao que está acontecendo cos centros de día e cos centros de discapacidade como LISIMI pola decisión “drástica” da Xunta de Galicia de demorar a reapertura até o un de setembro. Incidiu na necesidade de reforzar os servizos

públicos no rural “para que a xuventude poida desenvolver os seus proxectos vitais”.

A candidata comprometeuse a ampliar e diversificar a Formación Profesional e establecer “unha política de bolsas e axudas en todos os niveis do ensino”.

Noa Presas sinalou que “o BNG é a forza política que máis apoio recada entre a mocidade” e é necesario “combater a resignación e o síndrome de Estocolmo de 11 anos de Partido Popular. Explicou que moita xente nova hoxe non coñeceu outra cousa que non foran os gobernos de Feijóo e a precariedade laboral ou mesmo o éxodo a outras partes do mundo. Fronte a esta



“O interior recibiu sempre o abandono por parte do PP da Xunta”, dixo Presas.

situación o BNG preséntase para romper esta inercia e apelaron á mocidade para comezar a construír un mellor país. “Hoxe o

BNG é a forza que máis medra na mocidade e nós somos a candidatura do inconformismo” destacou Presas.

Presas: “Hai que superar o monocultivo do turismo vinculado ao Camiño de Santiago”

A candidata do BNG por Ourense, Noa Presas, visitou o Concello da Gudiña acompañada pola concelleira e candidata da formación nacionalista, Raquel Fernández. Presas convidou a superar o monocultivo do turismo enfocado ao Camiño de Santiago e comprometeuse a apostar pola revalorización do patrimonio ourensá.

Noa Presas reivindicou na Gudiña a promoción da cultura e o patrimonio ourensán despois de 11 anos de “monocultivo” do

Partido Popular baseado no camiño de Santiago. A última resolución por parte da Xunta, apoiada polo goberno municipal, de converter a Casa da Viúva no futuro albergue de peregrinos non é compartida polo BNG. O BNG sostén que hai lugares máis axeitados “con zonas de descanso, espazos verdes” para asentar o futuro albergue, se o actualifica nalgún momento pequeno para a afluencia dos peregrinantes.

A día de hoxe, a Casa da Viúva conta cun-

has instalacións en perfecto estado “con sala de exposicións, sala de lectura e salas para realizar calquera tipo de actividade”. Asemade, constitúe un exemplo de arquitectura popular e é un símbolo histórico na Gudiña por seren a casa do último alcalde da República, Felicísimo Pérez.

A pesares de que o goberno municipal non está dinamizando culturalmente o espazo, a candidata sinalou que o desmantelamento da cultura en Ourense non pode continuar. “Hai que corrixir esta situación de desidia e apostar por un modelo que supere o monocultivo do turismo vinculado ao Camiño de Santiago” continuou explicando Presas, a cabeza de lista do BNG.

A Primavera das Letras de Carballo Calero rexistrou en maio un incremento no número de consultas do 180 % con respecto á edición anterior

O proxecto web Primavera das Letras permitiu celebrar a milleiros de nenos e nenas dende a casa as Letras Galegas de Ricardo Carballo Calero. A web da Real Academia Galega, concibida para achegar o alumnado de infantil e primaria á figura e á obra do persoeiro que a institución homenaxea cada 17 de maio, experimentou un incremento con respecto ao ano anterior por riba do 180 % no número de consultas de contidos durante maio, achegándose ás 300.000 páxinas vistas. En pleno confinamento, duplicouse ademais o acceso a través dos teléfonos móbiles, que representou un 30 % do total.

As visitas a Primavera das Letras disparáronse a partir da última

semana do mes de abril e só no mes de maio o portal rexistrou máis consultas ca en todo o ano 2019. Produciuse ademais un aumento significativo do número de persoas usuarias que acceden directamente á web, por riba do 35 % con respecto ao ano anterior, un dato que reflicte a crecente popularidade deste espazo que fornece os pequenos e pequenas da casa de recursos lúdicos e didácticos arredor do universo vital e literario dos autores homenaxeados no Día das Letras Galegas.

Os recursos máis empregados foron as fichas descargables sobre a vida do autor, Letras para contar un país; sobre a súa obra, De Vieiros a Scórpio; e a dedicada ao seu labor como autor da His-

toria da literatura galega contemporánea, O buscador de libros. A actividade interactiva máis repetida foi a que xira arredor do relato “As pitas baixo a chuvia”, seguida das dedicadas a Ferrol, cidade natal do autor; aos poemas e os idiomas e a dúas grandes afeccións de Carballo Calero, o teatro e mais a ópera. Entre os materiais máis demandados tamén aparecen as fichas para colorear.

A pandemia obrigou a pospoñer as celebracións presenciais do Día das Letras Galegas pero o 17 de maio estivo moi presente na Rede a través de múltiples iniciativas, tamén chegadas dende o ámbito educativo. A RAG agarda retomar no último cuadrimestre do ano os actos adiados e anima a comunidade escolar a darlle



continuidade ao Ano Carballo Calero a partir de setembro. Nesta liña, o prazo para participar no concurso Contádenos o voso Día das Letras, convocado ao abeiro de Primavera das Letras, amplíase ata o 1 de decembro de 2020.

A RAG homenaxeou o pasado Día das Letras Galegas a Carballo Calero cunha sinxela ofrenda

floral ás portas da súa casa en Santiago de Compostela, tras ter que adiar o acto académico do 17 de maio. Este terá lugar en Ferrol o vindeiro 31 de outubro, cadrando con 110 aniversario do nacemento do autor. Tamén en outono terán lugar, entre outros actos, os simposios académicos sobre a súa vida e obra.

Manifestación da Plataforma SOS Sanidade Pública o día 25 de xuño en Compostela

Atendendo as indicacións da Plataforma SOS Sanidade Pública de Galicia, dende a Plataforma SOS de Compostela, convocamos a una concentración, o día 25 de xuño, ás 20:30 h na Praza do Toural. Faranse concentracións en todas as localidades e á mesma hora, onde ten presenza a Plataforma SOS Sanidade Pública de Galicia (13).

Por que nos mobilizamos?

Porque Feijoó minte. Despois da peor crise sanitaria debida a COVID-19, dicimos que non nos salvou Feijoó, como el di. Salvounos o illamento de Galicia, o confinamento e o traballo duns profesionais sanitarios.

Porque a crise non esta superada. É necesario recuperar a actividade sanitaria ordinaria, abandonada durante estes meses e prepararse ante un posible rebrote.

Porque dicimos: Non ao peche de camas durante o verán.

Porque xs sanitarios non necesitan o noso aplauso. Necesitan

trato digno, medios, protección e condicións laborais dignas.

Porque en moitas Residencias de Maiores houbo medo, horror e morte. Esiximos Residencias públicas, de xestión pública e con asistencia sanitaria pública e sen discriminacións.

Porque o diñeiro público debe destinarse a fortalecer a Sanidade Pública. Non a enriquecer a investidores privados.

Porque os recortes e as privatizacións matan.

Porque a sanidade pública é precisa, agora máis ca nunca

Acode con máscara e gardando a distancia de seguridade.

Asiste con cartaces/pancartas, cas medidas e recortes que fixo Feijoó durante os 11 anos dos seus gobernos: feches de camas no verán, recortes de persoal, recortes de orzamentos, eliminación das Áreas Sanitarias, recortes nos Hospitais Comarcais (Monforte, Verín, O Barco....), “feche (e debido a presión popular: “non fe-

che”) do paritorio de Verín, privatizacións do Álvaro Cunqueiro, recortes no Hospital Montecelo, abandono dos Centros de Atención Primaria, problemáticas dos PACs non resolta, precariedade laboral

do persoal, non substitucións duns profesionais ausentes, non a Lei de Garantías de Prestacións Sanitarias (que deriva de forma masiva xs doentes a privada), etc. Leremos un manifesto na Con-

centración do día 25 ás 20:30 na Praza do Toural. Acude e participa!

Asdo. Xosé M.ª Dios Diz, voceiro da Plataforma SOS Sanidade Pública de Compostela.



PRESENTACIÓN NUMERO 2

Falaremos sobre divulgación cultural con:

Valeria Pereiras
Revista Luzes

Manuel Gago
escritor e responsable de culturagalega.gal

Roque Sanfiz
Revista Mazarelos

Xoves 25 xuño, 19.30h
Librería Couceiro, Santiago de Compostela

Sheila González, socióloga: "O peche dos colexios aumentou o risco de abandono escolar"

A socióloga Sheila González, que estudou as desigualdades durante o confinamento, lamenta que se teñan obviado os costes de non abrir os colexios para todos en xuño e pide máis recursos en setembro para os alumnos que quedan atrás.

Pau Rodríguez

Os tres meses de confinamento van deixar unha cicatriz educativa en moitos nenos e nenas, sobre todo naqueles que viven en fogares con carencias e onde as familias non puideron dedicarlles o tempo necesario.

A Sheila González, investigadora e socióloga da Universitat Autònoma de Barcelona (UAB), preocupalle que se estea falando pouco dos custos que iso representa. Nun estudio xunto a Xavier Bonal titulado Desigualdades de aprendizaxe en confinamento, detectou que o confinamento agravou as diferenzas educativas que xa existían, e por iso non esconde a súa tristeza e certo enfado ao constatar que miles de escolares pasarán seis meses sen pisar unha aula.

Os riscos, di, que as autoridades e a sociedade en xeral asumiron á hora de reactivar algúns sectores económicos no se contemplaron no caso da escola presencial. De aí que teña participado estes días nunha iniciativa familiar en Cataluña para abrir centros: Tornem a les escoles.

O confinamento afectou de forma desigual aos nenos e nenas á hora de aprender? Que detectou no seu estudio?

As desigualdades danse nun sentido moi amplo. Se non hai escola, todo pasa por casa, e non todas as familias poden proporcionar os mesmos recursos educativos aos seus fillos. As familias con estudos universitarios dicíannos que facían traballos manuais, música, idiomas, deporte... Porén, nas familias sen estudos había porcentaxes máis elevadas de mirar a tele, usar videoxogos ou as redes sociais. É dicir, que as familias de clases medias e altas fan actividades máis parecidas ao colexio. Os sociólogos hai anos que ad-

vertidos que os deberes poden ser un factor de desigualdade, porque non todo o mundo ten un pai ou unha nai que lle axude a facelos.

Substituímos ao profesor na aula polo profesor a distancia máis un adulto na casa. Pero alí onde non hai adulto que acompañe é onde se xeran diferenzas. En Secundaria, o 48% de nais con estudos universitarios axudou aos seus fillos, mentres que o resto non o fixo porque o rapaz non o necesitaba. Entre as familias sen estudos, só o 38% das nais puido acompañalos, e do resto, o 25% non tiñan coñecementos para facelo.

En Estados Unidos, que teñen un programa informático para aprender matemáticas online, detectaron como as diferenzas de aprendizaxe se dispararon desde marzo. Todos os nenos baixaron o seu rendemento, pero a distancia nos resultados aumentou entre os de renda alta e baixa.

Como responderon os equipos directivos e o profesorado ante o peche? Houbo diferenzas entre centros?

A enquisa fíxemola na segunda semana de confinamento, cando aínda non había instrucións claras. En Cataluña, onde a Generalitat dixo que sería tempo non lectivo, as escolas públicas pararon en seco. En cambio as concertadas, pode que para xustificar o cobro de cotas, se activaron. Despois de semana santa, as públicas iniciaron a súa actividade, pero con moita desigualdade. Algunhas lograron manter certa vinculación co aprendizaxe, mentres que outras non.

E logo o máis sorprendente é a diferenza de problemas aos que tiveron que dar resposta os centros. Uns só tiveron que reformular o proceso de aprendizaxe, pero outros tiveron que reformular isto, as becas comedor, a desconexión de internet dos seus alumnos, a xestión da violencia familiar... Por iso os centros máis desfavorecidos dedicaron máis tempo ao acompañamento emocional que á aprendizaxe. **Foi a falta de conexión a internet nalgúns fogares o principal problema para logralo?**

Isto é o único que a administración pública contemplou. Pero o alumnado totalmente desconectado non é tanto, porque todo o mundo ten móbil. Máis ben a brecha dixital ten que ver con a falta de ordenadores e sobre todo a falta de información e recursos das familias para entender como se organiza o aprendizaxe a distancia. Non é fácil entender como funciona un Google Classroom si non o usaches antes.

As videoconferencias, as tarefas por mail... Son suficientes para garantir o dereito á educación?

Non. O dereito á educación non é o dereito á aprendizaxe. E xa nin sequera a aprendizaxe se puido garantir ben. Pero é que a educación é moito máis que isto: é a socialización, a xeración de expectativas, a adquisición do idioma no caso dos alumnos estranxeiros, o que os alumnos aprenden uns doutros –isto nótase moito na lectoescritura, en Infantil– Isto a distancia non se pode conseguir, por moito que se esforcen os docentes.

Acabado o curso, vemos como miles de nenos e nenas non pisarán unha aula en case seis meses. Como vai afectar iso ao seu desenvolvemento?

Depende da relación que tiveran coa escola durante estes seis meses. Hai escolas nas que os alumnos no viron a algúns profesores en tres meses, que non fixeron videoconferencias, e outras nas que se fixeron clases diarias. O primeiro afecta á adhesión escolar, ao feito de sentirse parte do colexio. Aumentou o risco de abandono escolar. A desconexión fai tamén que o traballo dos colexios máis vinculado ás rutinas e os hábitos se vexa alterado. De todo isto preocúpame tamén que o sistema educativo se reactive en setembro esixindo o mesmo aos nenos e nenas.

Vostede foi moi crítica cos plans de apertura dos centros educativos, que afectaron a unha minoría de alumnos. Por que?

Dáme a sensación que houbo un salto entre as intencións da administración, que estaban ben formuladas, e as decisións para materializar a reapertura, que foi



un fracaso. Se formulou a prioridade do alumnado vulnerable, pero facer o retorno voluntario no adoita favorecerlo. Xa se viu en Francia ou Noruega. Creo que a Administración no soubo sumar aos equipos directivos para facerlles entender esta preocupación. A sensación é que os docentes se repregaron. Non houbo conciencia desde o propio ámbito educativo dos custos de pechar unha escola. Os propios profesores non acaban de crer o valor que ten a súa tarefa presencial e as consecuencias da súa ausencia. **Os epidemiólogos sempre foron moi prudentes á hora de dar o visto bo á apertura de colexios debido ao risco de contaxios.**

En todos os ámbitos houbo riscos e puxéronse sobre a mesa o mesmo cos custos. Á hora de abrir os bares, asumimos o risco porque os custos temíanse maiores. No caso do colexio, é como si pechalos tivese sido a custe cero. E non é só un custe social, tamén económico.

Cales cree que deberían ser as condicións mínimas de apertura dos centros en setembro para que no sigan ensanchándose estas desigualdades?

A presenza en toda a etapa obrigatoria, porque sen ela non garantimos a igualdade de oportunidades. Teñen que incrementarse os recursos dirixidos ao alumnado que máis perdeu: reforzo escolar e ampliar a súa exposición ao aprendizaxe con actividades educativas e de ocio. Temos que ser moi conscientes que entraremos nunha crise

económica forte e a de 2008 xa nos deixou claro que estas prexudican aos máis desfavorecidos. Necesitaremos un dobre esforzo: máis recursos para compensar o perdido e máis recursos para non perder máis. E necesitaremos mellor coordinación coas administracións locais, que son as que chegan alí onde non chega a administración educativa e que dispoñen de bibliotecas, centros cívicos, museos... Serán clave para asegurarnos de que se se reduce a xornada escolar debido á epidemia, isto non implique que perdan os máis vulnerables.

Cree que se debería ter modificado o calendario escolar para poder facer algo de actividade lectiva no verán ou a principios de setembro?

Hai unha mirada ás vacacións que é moi de clase media. Pensamos que os nenos van a campamentos de verán, á piscina, á aldea... E esta non é a realidade de moitos. Se non se cambiou o calendario é porque implicaba chegar a un acordo coa comunidade educativa e do profesorado que se opuña a isto, argumentando que xullo debía servir para preparar o vindeiro curso. Pero os expertos consideran moi recomendable que non se deixe o verán só en mans das actividades de ocio, porque é importante reconstruír pontes coa escola. É unha oportunidade para conectar, para facer adaptación. Pero deixámola pasar

De: eldiario.es [mailto:contacto@eldiario.es]